

RESOLUCIÓN DO 13 DE MAIO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE CONVOCAN POSTOS PARA SÚA PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial dispón no seu artigo 527.2 que con carácter excepcional poderán ser cubertos temporalmente mediante substitución os postos de traballo que se atopen vacantes ou cando o seu titular estea ausente.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial, regula no seu artigo 74 as substitucións.

Así mesmo, e no exercicio das súas competencias, por parte da comunidade autónoma de Galicia ditouse a resolución do 7 de maio de 2008, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

O artigo 1 da dita resolución establece: "Esta resolución ten por obxecto regular a provisión de forma temporal, mediante substitucións, dos postos de traballo reservados aos funcionarios integrantes dos corpos xerais ao servizo de Administración de xustiza –corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, e auxilio xudicial- que presten os seus servizos na Administración de xustiza en Galicia, cando estes postos se atopen vacantes ou cuxo titular estea ausente en períodos de longa duración como permisos, licenzas, comisións de servizos, excedencias, servizos especiais ou situacións de liberación sindical".

O artigo 2 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade autónoma de Galicia dispón que " subsidiariamente, de non haber solicitantes ou non reuniren estes os requisitos exixidos, o posto poderá ser cuberto por substitución".

Producida a desocupación de diversos postos sen que se producira a súa cobertura mediante comisión de servizos, sendo susceptibles estes de cobertura mediante substitución entre titulares, e non existindo candidatos/as nas respectivas unidades, ou non sendo posible a súa cobertura por persoal destas, procede anunciar a convocatoria para a



súa provisión temporal, de acordo co previsto nos artigos quinto e sexto da Resolución do 7 de maio de 2008, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Destinatarios/as

Persoal dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino definitivo en órganos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA.- Postos de traballo ofertados

Os relacionados no Anexo I, coa indicación da causa que motiva a ausencia do seu titular.

TERCEIRA.- Solicitudes

1. Mentres non se habilite a opción de solicitude a través da OPAX, as peticións deberán ser cubertas conforme ao anexo II bis (solicitude de substitución entre titulares), dispoñible na intranet de xustiza.
2. As solicitudes deberán ser presentadas por correo electrónico, ao enderezo servicio.persoal.xustiza@xunta.gal, ou ao fax 981 546 222. Non se admitirán as solicitudes que se reciban por outro medio. A proba de entrega será o acuse de recibo do fax ou correo electrónico enviado.
3. Non deberá achegarse documentación coa petición, xa que de ser precisa será requirida pola Dirección Xeral.
4. O prazo de presentación de solicitudes será de TRES DÍAS hábiles dende a publicación da presente resolución (16, 18 e 19 de maio de 2022).

CUARTA.- Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art. 14 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).



ANEXO I

Órgano xudicial da desocupación:	Aud. Prov. Oficina de Rexistro e Reparto A Coruña		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CTPA

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 1 O Porriño		
Motivo da desocupación:	Excedencia	Corpo:	CXPA

